



O ENTROIDO

Días nos que está permitido o que non o está no resto do ano... en que se poden facer cousas que noutro tempo parecerían moi mal, serían faltas graves contra da boa crianza e aínda contra as mesmas leis... O entroido presenta certo aspecto de "o mundo ao revés"

Vicente Risco

OS XENERAIS DO ULLA

Aorixe da palabra Entroido deriva do latín "introitus" que significa entrada ou comezo da primavera.

O Entroido é unha festa moi popular en Galiza. Aínda que tamén se celebra no resto de España e noutros países do mundo, na nosa comunidade ten unhas peculiaridades que lle dan unha personalidade propia. Destacan pola súa popularidade os peliqueiros de Laza, os cigarróns de Verín e as pantallas de Xinzo (na provincia de Ourense), e os xenerais do Ulla (onde a provincia da Coruña limita coa de Pontevedra).

Mentres na cidade de Santiago se celebra un entroido moi semellante ao do resto das cidades galegas a base de desfiles, carrozas etc., as parroquias do rural intentan recuperar e perpetuar as tradicións.

Isto é o que pasa na comarca do Ulla (concellos de Boqueixón, Teo, Vedra, A Estrada) cos chamados "encontros dos xenerais". Que son?

Os encontros son disputas verbais entre dous exércitos, un invasor e outro defensor compostos por un abandeirado, un sentinela, un correo e tres xenerais cada un. Todos van a caballo e con uniformes que recordan os traxes militares da Francia napoleónica.

O ritual que seguen é moi semellante en tódalas parroquias.

A confrontación comeza cando o correo do exército atacante solicita a entrada nos dominios do sentinela defensor, e ao que responde o correo do exército defensor. Este acude a comunicarlle ao seu xeneral a situación do atranque. Logo de que os xenerais sexan sabedores da situación comeza o enfrontamento, sempre verbal, no que se burlarán de situacións da vida cotiá ou de acontecementos destacados da actualidade nacional, autonómica e sobre todo local.

Rematado o repertorio de coplas satíricas que os veciños prepararon con anterioridade, o enfrontamento acaba con vivas á paz, á unión entre parroquias, a determinados persoeiros, aos veciños e ao público alí presente.

As coplas son o centro de atención desta festividade e son utilizadas en rima octosílaba asonante,

EDURNE PÉREZ, PAULA REMEDIOS, IRENE SALGADO, ELBA SOUTO, MARTA TEIRA, YASMIN TOUFIKI, PATRICIA ZAPICO. 5º C

habitualmente en castrapo, e retratan situacións que afectan a convivencia parroquial, a vida política ou á actualidade dos medios de comunicación.

*General, general,
non vengha con valentías,
generales coma este,
los como todos los días.*

*Avanza caballo mío,
por riba de esa muralla
y tropalla al enemigo
que siempre nos asoballa.*

*¡Alto aí, correo!
¡Pra onde vas tan apurado?
Que se pensas entrar
en San Miguel de Sarandón
Através do corazón
con este foreado.
Xa sei que es de Neira
E penso meterie
dentro desta paxareira.*



Como van vestidos?

O entroido do Ulla destaca pola vistosidade do seu disface. Os xenerais montan a caballo e visten un uniforme que recorda aos traxes militares da época napoleónica. As súas chaquetas e sombreiros van repletas de enfeites, charreteras, bordados, flocos, bandas e medallas.

Cal é a súa orixe?

Non se sabe moi ben de onde procede este entroido pero diferentes estudos apuntan que a súa orixe está nas guerras contra os franceses na época napoleónica. Pero no que coinciden todos os antropólogos é que o entroido do Ulla pode deberse "á necesidade de autofirmación dunhas parroquias fronte a outras".